



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E O INSTITUTO TECNOLÓGICO DE GALICIA (ITG) PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO E DESENVOLVEMENTO DE OBRA CIVIL PARA A POSTA EN MARCHA DA INFRAESTRUTURA DE INVESTIGACIÓN «GALAXY-LAB»**

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2021

**REUNIDOS**

FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, Vicepresidente segundo e Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo polo DECRETO 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG nº181, do 6 de setembro), actuando no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e polo DECRETO 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a configuración dos departamentos que integran a Xunta de Galicia; e presidente da Axencia Galega de Innovación, en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que crea a Axencia Galega de Innovación e apróbanse os seus estatutos.

CARLOS CALVO OROSA, Director Xeral da Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia (en adiante ITG), actuando en nome e representación desa entidade, en virtude do poder notarial con número de protocolo 53 del 16/01/2015 ante o notario de A Coruña, D. Jacobo-Esteban Pérez Rama.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-**

Que a Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se



crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos. Encóntrase adscrita á Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

A Axencia Galega de Innovación ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia e a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

## SEGUNDO.-

Que a *Civil UAVs Initiative* (CUI) é a iniciativa estratéxica da Xunta de Galicia para o impulso do Polo Aeroespacial de Galicia a través de diversas actuacións que persiguen impulsar o crecemento económico e a cohesión de Galicia, a través do apoio a un novo sector de alta tecnoloxía.

O primeiro período de execución da CUI rematou no 2020 e conseguiu mobilizar un investimento de 164M€ e executar uns 59 proxectos de I+D e infraestruturas para vehículos aéreos non tripulados nos que traballaron uns 800 profesionais de toda España. Propiciou, tamén, a creación de cinco novas empresas en Galicia e, a través da aceleradora Business Factory Aero, xa se desenvolveron 19 proxectos empresariais. Xunto con isto, identificáronse 430 solucións tecnolóxicas, produtos ou procesos, dos que seis están preparados para o seu despegue inmediato nos servizos da Xunta de Galicia. Son servizos públicos como o control da calidade da auga, a produción de cartografía para a xestión do territorio, os servizos de protección de incendios ou o control de pragas forestais.

Rematado ese primeiro período, iníciase unha nova etapa de actuacións entre 2021 e 2025, dando resposta a novos retos e creando novos instrumentos de colaboración público-privada para impulsar o tecido industrial e de coñecemento galego no sector aeroespacial.



Neste novo período de programación prevese consolidar o investimento público-privado, contemplando todas as actuacións capaces de consolidar Galicia como un polo aeroespacial de referencia mundial no desenvolvemento e ensaio de aeronaves non tripuladas.

### TERCEIRO.-

O ITG se constituíu en escritura pública outorgada na Coruña o 1 de febreiro de 1991

Mediante a Orde do 30 de decembro de 1991 (DOG núm. 12 do 20 de xaneiro) declarouse de interese galego e ordenouse a súa inscrición na correspondente sección no Rexistro de Fundacións.

A Orde do 30 de decembro de 1991 (DOG núm. 12, do 20 de xaneiro de 1992) clasificou á dita fundación como de carácter mixto.

Segundo o artigo 4º dos seus estatutos, o ITG ten como fin primordial o de contribuír eficazmente ao progreso tecnolóxico en todas as súas manifestacións así como contribuír eficazmente á xeración de coñecemento tecnolóxico e a súa aplicación para o desenvolvemento e fortalecemento da capacidade competitiva de empresas, profesionais e organizacións, abranguendo, de modo non limitativo, as actividades correspondentes á investigación, á formación de técnicos, á colaboración coa Administración Pública en materia tecnolóxica, o desenvolvemento da tecnoloxía, á divulgación dos avances tecnolóxicos, á prestación de servizos á Administración Pública, así como aos sectores privados da industria, o comercio e os servizos e, en xeral, á súa participación con outros organismos públicos ou privados, nacionais ou internacionais, docentes ou mercantís, en todo o referente ao estudo, á investigación ou á aplicación da tecnoloxía e a súa regulación.

En particular, a fundación perseguirá o cumprimento de ditos fins mediante o exercicio de actividades tales como: 1) A realización de proxectos de investigación fundamental ou industrial, desenvolvemento e innovación tecnolóxica propios ou en cooperación con profesionais, empresas e organizacións, e con universidades e centros públicos de investigación ou outras entidades, co obxectivo de xerar e difundir coñecemento tecnolóxico; 2) A colaboración na transferencia de resultados de investigación entre organismos públicos e privados de investigación e as empresas e profesionais; 3) A transferencia de tecnoloxía ao sector empresarial.

O ITG está recoñecido como Centro Tecnolóxico e como Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) polo Ministerio de Economía y Competitividad en virtude do establecido no Real Decreto 2093/2008, do 19 de decembro, polo que se regulan os centros tecnolóxicos e os centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal e se crea o rexistro de tales centros e



na Orde do 16 de febreiro de 1996 reguladora do rexistro de oficinas de transferencia de resultados de investigación na Comisión Interministerial de Ciencia e Tecnoloxía, respectivamente. Coa finalidade de executar a posta en marcha da infraestrutura de investigación Galaxy-Lab, a cal require dun alto investimento en infraestruturas (equipamento e obra Civil), en conexión cos obxectivos promulgados e perseguidos pola Axencia Galega de Innovación, presentou o 15/10/2021 unha solicitude de axuda económica en forma de subvención ante a Axencia Galega de Innovación [rexistro electrónico da Xunta de Galicia nº 2021/2438135] para contribuír ao fortalecemento do polo Aeroespacial Galego.

Tendo en conta a solicitude anterior e á vista da temática das actuacións e da existencia de razóns de interese público que fan conveniente a colaboración entre ambas as dúas entidades, a Axencia Galega de Innovación acordou poñer en marcha o presente convenio.

#### CUARTO.-

Que o ITG consolidouse nos últimos anos como centro de referencia en I+D+i aplicada ao ámbito dos Sistemas Aéreos Non Tripulados (UAS, Unmanned Aircraft Systems), destacando a súa experiencia e capacidade científico-tecnolóxica en áreas chave para o desenvolvemento do sector UAS, tales como "Automatización e Robótica Aérea", "Control de Tráfico Drons", "Sistemas Embebidos para IoT".

ITG situouse como centro referente en UAS no ámbito nacional, onde participa activamente desde hai anos nos grupos da Comisión Asesora de AESA e mantén acordos estratéxicos de colaboración en I+D con empresas relevantes do sector, destacando as dúas Unidades Mixtas de Investigación que o centro puxo en marcha no marco do Programa de UMI's da Xunta de Galicia, sendo o único centro galego que dispón de UMI's no contexto UAS.

A nivel nacional ITG é un dos 4 centros (o único galego) que logrou o recoñecemento como centro excelente en I+D no ámbito de Mobilidade Aérea Autónoma para o Transporte Intelixente, por parte do Ministerio de Ciencia e Innovación, a través do Programa Cervera Centros de CDTI.

No ámbito internacional ITG participa activamente nos principais foros de discusión en materia de regulación, estandarización e I+D. É membro de EUROCAE e promoveu e participou en numerosas propostas de I+D, logrando fitos tan importantes como a súa participación no proxecto demostrador DOMUS en 2018-2019, liderado por Enaire no marco do Programa SESAR e, recentemente, a súa participación relevante no proxecto AMU-LED (2021-2022). Trátase dun gran demostrador de Mobilidade Aérea Urbana (UAM) a escala europea xunto con outros 16 socios de varios países. ITG xoga un papel relevante, liderando as demostracións que se realizarán en



España en 2022, en concreto en Santiago de Compostela. É o único centro nacional e o único galego que lidera e coordina as demostracións en España, o que representa ademais un fito moi relevante para o Polo Aeronáutico Galego, xa que supón traer a Galicia demostracións pioneiras de Urban Air Mobility.

Este novo fito reforza o posicionamento de ITG como un dos axentes relevantes en Europa para a investigación e o desenvolvemento de UAM, grazas á súa contribución ao desenvolvemento de estándares internacionais e a obtención de métricas para a aceptación social do UAM.

#### **QUINTO.-**

Que o devandito investimento supón unha acción estratéxica de posta en servizo da infraestrutura de investigación «GALAXY\_LAB», a cal se ubicará na denominada «Cidade das TIC» (A Coruña).

A «Cidade das TIC» é un proxecto estratéxico para crear un polo TIC e de innovación dixital de referencia a nivel nacional e internacional.

Configúrase como un ecosistema TIC dinámico e vangardista, conta co apoio de todas as administracións, da Universidade da Coruña e do Clúster TIC de Galicia.

Dende a «Cidade das TIC» contribuírase á especialización de Galicia en tecnoloxías emerxentes, desenvolveranse tecidos empresariais conectados e mais competitivos, impulsaranse as TIC e a dixitalización de Galicia e crearase un centro de referencia en intelixencia artificial de referencia a nivel nacional e internacional.

Polo tanto, a «Cidade das TIC» configúrase como un ecosistema facilitador de servizos en materia de tecnoloxías da información e da comunicación, e da innovación dixital.

#### **SEXTO.-**

Na actualidade resulta moi complicado a realización de ensaios temperáns con drones que permitan ás empresas desenvolver innovacións nese ámbito. Por tanto, a realización ensaios implica un forte investimento en desenvolver instalacións e equipos que cumpran coas normativas de seguridade

Un Sandbox regulatorio é un campo seguro de probas supervisado polas institucións regulatorias e o seu obxectivo é compasar o cumprimento das estritas regulacións ao crecemento e os ritmos das empresas máis innovadoras, de tal forma que non se 'estrangule' con normas ao sector, pero tampouco se relaxe os protocolos de seguridade. Desta forma, o Sandbox contribúe a reducir o custo e o tempo de innovar para as empresas, ao proporcionar certeza e flexibilidade regulatoria,



á vez que axuda ao regulador no seu labor ao ter visibilidade directa sobre as fases temperás de desenvolvemento de proxectos innovadores. Grazas a todo iso, o Sandbox contribúe a crear e consolidar un *hub* de innovación con gran capacidade para a atracción de talento e investimento a nivel global.

Como consecuencia das actividades desenvolvidas marco da *Civil UAV Initiative* durante o período 2016-2020, Galicia ten unha situación favorable, xa que conta con parte do ecosistema e das infraestruturas necesarias para o despregamento dun Sandbox regulatorio, especialmente en torno ao Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas (CIAR), de titularidade mixta Xunta de Galicia/Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA).

Neste contexto visualízanse outros elementos con gran potencial para facer máis atractivo e competitivo un futuro Sandbox en Galicia, como o centro de ensaios experimentais ANCORA do ITG, así como iniciativas de evolución urbanas en cidades galegas que aposten pola innovación tecnolóxica.

Ante esta situación, o establecemento dun Sandbox que permita realizar ensaios de novos sistemas nunha contorna segura contribuirá a potenciar as capacidades do Polo Aeroespacial de Galicia para a atracción de empresas, facilitando ás mesmas espazos e infraestruturas habilitadoras en contornas de aplicación real para a validación dos seus sistemas.

Polo exposto, o obxecto do convenio centrado no desenvolvemento de infraestruturas competitivas de experimentación con UAVs no ámbito urbano, fortalecerán e complementarán a oferta no radio de influencia do Polo Aeronáutico de Galicia, especialmente no contexto de experimentación en "Contorna Real", como valor atractivo do futuro Sandbox Regulatorio en torno ao CIAR.

#### **SÉTIMO.-**

Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación científica e a innovación de Galicia, ten por obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente. Esta Lei, no seu capítulo III, establece o Plan Galego de Investigación e Innovación como instrumento fundamental de planificación e coordinación das políticas en materia de investigación, transferencia, valorización e innovación en Galicia.

O Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica de Galicia 2011-2015 (Plan I2C), aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 23 de decembro de 2010 é o



antecedente inmediato da vixente Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia), que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 7 de novembro de 2013. Nela establece a estratexia de innovación a seguir para acadar un crecemento intelixente, sostible e integrador concentrando dun xeito eficiente os recursos dispoñibles, e define o marco para as políticas de investigación e innovación de Galicia para o período 2014-2020

A RIS3 fixa como un dos seus tres grandes retos o novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento.

Nas últimas décadas estase a producir un auténtico cambio de paradigma tecno-económico consecuencia do favorecemento das tecnoloxías da información e comunicación (TIC). Este cambio engloba todos os planos da realidade, tanto económica, coma social.

Dende 2015 a Xunta de Galicia decidiu impulsar o desenvolvemento dun novo sector de alta tecnoloxía en Galicia para diversificar a actividade industrial e tecnolóxica en Galicia e crear capacidades e competencias que se puidesen transferir a outras ramas da actividade económica. Este sector foi o aeroespacial.

Polo tanto, o desenvolvemento dunha industria aeroespacial en Galicia é un obxectivo prioritario das políticas de innovación e industria da Xunta, tal e como queda patente na RIS3 de Galicia 2014- 2020, no Plan Galicia Innova 2020 e no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.

O anterior ten por obxectivo o impulso de Galicia como Polo Aeroespacial.

#### **OITAVO.-**

Que o artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), relativo aos procedementos de concesión as subvencións, permite que poidan outorgarse de forma directa aquelas nas que se acrediten razóns de interese público ou social, entre outras.

No presente caso existe un interese público baseado na coincidencia de finalidades entre as actuacións a levar a cabo en execución do investimento previsto polo ITG e o obxectivo prioritario de políticas de innovación e industria da Xunta de Galicia.

A subvención do investimento permitirá potenciar o desenvolvemento desas prioridades.

Tendo en conta o anterior considérase xustificada o recurso á sinatura dun convenio de concesión directa ao abeiro do previsto no artigo 19.4.c) da LSG.



#### NOVENO.-

Que as partes consideran que o desenvolvemento das infraestruturas no ámbito dos sistemas aéreos non tripulados que se propoñen neste convenio permitirán ampliar as capacidades do Polo Aeroespacial de Galicia no ámbito da experimentación, facilitando ás empresas e centros de investigación espazos e infraestruturas habilitadoras en contornas de aplicación real para a validación dos seus sistemas.

En atención ao exposto, ambas as dúas partes conveñen en formalizar a tales efectos un convenio que se rexerá polas seguintes

### CLÁUSULAS

#### PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto regular as condicións de outorgamento da subvención a favor do ITG para a adquisición de equipamento e desenvolvemento de obra civil para a posta en marcha da infraestrutura de investigación "GALAXY-LAB".

O lugar de ubicación do investimento é na área de A Coruña, concretamente da denominada "Cidade das TIC".

O obxecto principal do investimento é a adquisición de equipamento e desenvolvemento de obra civil para a posta en marcha da infraestrutura de investigación GALAXY LAB.

As actuacións del investimento contribuirán ao fortalecemento do polo Aeroespacial Galego.

A actuación de execución comprende, en liñas xerais, as seguintes actividades:

- Obra civil: desenvolvemento de diversas actuacións en instalacións tendentes ao acondicionamento e/ou reforma de edificios e adecuación de espazos. Entre estas actuacións figuran o acondicionamento e reformas no edificio, construción dunha zona habilitada para o despregamento e aterrizaxe de vehículos VTOL e adecuación contigua para conseguir un elevado nivel de seguridade e minimizar o risco de accidentes e unha rede de seguridade.
- Equipamento: subministración de equipamento e material. Neste equipamento está incluído un vehículo adaptado como centro de operacións móbil permitindo a instalación de sistemas de comunicación, vixilancia e control de terra UAS, equipamento para operación remota dun dron, equipamento CNS (comunicacións, navegación e vixilancia), sistema de



terminación de voo, enlace de radio para o sistema de terminación do voo, paracaídas, licenzas SW de servizos U-Space, estación de recarga de enerxía e unha estación meteo de prestacións aeronáuticas.

- Licenzas: necesarias para a realización de probas de experimentación.

**Como Anexo I** ao convenio, recollese a descrición detallada das actuacións a realizar en execución do presente convenio.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

#### **SEGUNDA.- Achega da Axencia Galega de Innovación e intensidade da axuda**

A Axencia Galega de Innovación financiará as actuacións de construción ou mellora de infraestruturas de investigación directamente relacionadas co obxecto do convenio realizadas nos anos 2021, 2022 e 2023 en Galicia polo ITG cunha axuda por un importe máximo de 579.850,00€ (IVE non incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 06.A2.561A.781.0 código proxecto 2015 00020, dos seus orzamentos para os anos 2021, 2022 e 2023 de acordo coa táboa e coa distribución que se indica:

	ANOS			Total
	2021	2022	2023	
<b>Orzamento total</b>	395.850,00€	488.850,00€	275.000,00€	1.159.700,00€
<b>Axuda da Axencia Galega de Innovación</b>	197.925,00€	244.425,00€	137.500,00€	579.850,00€
<b>% máximo da axuda</b>	50%			

Conforme aos límites establecidos no artigo 26 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE nº 187, do 26 de xuño de 2014), ao tratarse dunha axuda para a construción ou mellora de infraestruturas de investigación, a intensidade máxima da axuda será do 50% dos custes subvencionables, polo que o custo elixible deberá ascender a un mínimo de 1.159.700,00 € (IVE non incluído).

Para o caso de que o investimento non acade o importe mínimo citado, reducirase a axuda proporcionalmente.



Segundo se dispón no citado art. 26, ao destinarse a infraestrutura de investigación a actividades económicas e non económicas, o financiamento, custes e ingresos de cada tipo de actividade deberán consignarse por separado sobre a base de principios de contabilidade de custes aplicados con coherencia e xustificables obxectivamente.

Conforme co citado artigo 26, o acceso ás infraestruturas estará aberto a varios usuarios e se concederá de forma transparente e non discriminatoria. As empresas que financiaran polo menos un 10 % dos custes de investimento da infraestrutura poderán beneficiarse de acceso preferente en condicións mai favorables. Co fin de evitar unha compensación excesiva, o dito acceso será proporcional á contribución da empresa aos custes de investimento e ás condicións faranse públicas.

O prezo que se cobre polo funcionamento ou a utilización das infraestruturas deberá corresponder co prezo de mercado.

### **TERCEIRA.- Gastos subvencionables**

Segundo o artigo 6.2 do Regulamento (UE) nº 651/2014, considerarase que as axudas teñen un efecto incentivador se a solicitude de axuda se presentou antes do inicio da actividade. A solicitude de axuda por parte do ITG presentouse o 15/10/2021. Polo tanto, a data de inicio das actuacións deberá ser sempre posterior a esta data. De non cumprirse esta condición, non poderá financiarse ningún gasto derivado do convenio.

De acordo co previsto no artigo 29 da LSG consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollido no **Anexo II** e que se realicen no período comprendido entre o 16/10/2021 e o 31/10/2023. En ningún caso o custo subvencionable poderá ser superior ao valor de mercado.

Tendo en conta o carácter estimativo do orzamento, aceptaranse modificacións na distribución do gasto entre os diferentes conceptos subvencionables que non supoñan minoracións en ningún destes conceptos superiores ao 20% da previsión inicial. Estas minoracións incrementarán as dotacións dos outros conceptos subvencionables. Á petición do ITG e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, a Axencia Galega de Innovación poderá autorizar variacións superiores ao 20% entre os diferentes conceptos subvencionables recollidas no orzamento, en todo caso a dita autorización será posible sempre que se xustifique a necesidade da variación entre conceptos, sen que en ningún caso se poda alterar o obxecto do convenio.

As modificacións sinaladas nos parágrafos anteriores serán posibles sempre e cando non supoñan un incremento do importe da subvención.



Segundo o disposto no artigo 30.2 da LSG, nas subvenciones de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento polo órgano concedente, debendo quedar constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada polo representante da administración e polo beneficiario.

Os conceptos subvencionables incluídos como custo elixible serán os citados na cláusula primeira do convenio.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado e deberá referirse ás actividades definidas na cláusula primeira e nos **anexos I e II** do presente convenio.

Os equipamentos subvencionables deberán ser novos, polo que non se admiten adquisicións de produtos usados, dado o carácter innovador e de alta calidade dos proxectos de infraestrutura.

#### Subcontratacións.

Consideráense subcontratacións as actuacións contratadas a terceiros que supoñan a execución dunha parte do obxecto do convenio e que non poden ser realizadas polo beneficiario. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada. As tarefas subcontratadas corresponderán a actividades que non poidan ser realizadas polo beneficiario cos seus propios medios, tanto humanos como materiais.

O ITG poderá subcontratar, como máximo, ata o 50% do importe da actividade subvencionada.

Á vista do disposto no artigo 27.3 da LSG, cando a actividade subcontratada exceda do 20% da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000€, será obrigatoria a subscripción dun contrato entre o beneficiario e a entidade subcontratista que deberá ser previamente autorizada pola Axencia Galega de Innovación.

A subscripción destes contratos deberá ser previamente autorizada pola Axencia Galega de Innovación para o que o ITG deberá presentar xunto coa proposta de contrato unha memoria xustificativa da súa finalidade e necesidade. Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a súa contía e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no parágrafo anterior.

A previsión de custos elixibles recóllese de forma detallada no **Anexo II**.

En ningún caso o beneficiario poderá subcontratar con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións que se recollen no artigo 10 da LSG



- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.
- c) Intermediarios ou asesores en que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, agás que o devandito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias detalladas no artigo 43.2 do Decreto 11/2009, sen prexuízo da excepción regulada no parágrafo seguinte en relación coas entidades vinculadas.

Excepcionalmente, en aplicación do artigo 27.7 da Lei de subvencións de Galicia, a Axencia Galega de Innovación poderá autorizar a subcontratación de entidades vinculadas cando sexa imprescindible para a execución das actividades e sempre que se realice de acordo coas condicións normais de mercado, extremo este que se acreditará mediante una declaración responsable do beneficiario.

#### **CUARTA.- Condicións para realizar adquisicións ou contratacións**

Segundo o disposto no artigo 29.3 da LSG, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren.

Ademais do anterior, para a subcontratación das actividades subvencionadas terase en conta o disposto na **cláusula terceira** e nos artigos 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal.

En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Axencia Galega de Innovación poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo así como o valor de mercado das actividades subcontratadas.



#### QUINTA: Compromisos e autorizacións

Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento (ou autorización) para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

O ITG comprométese a:

1. Presentar previamente á sinatura do convenio:

- a) Declaración responsable do beneficiario na que faga constar que posúe capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para cumprir cos obxectivos do investimento para o que se solicita a axuda.
- b) Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou autorización á Axencia Galega de Innovación para que esta poda facer a consulta.
- c) Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- d) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- e) Declaración responsable de que non pode ser considerada unha empresa en crise, conforme ao disposto no artigo 2.18 do Regulamento (UE) nº 651/2014, de 17 de xuño, da Comisión. Non obstante, a Axencia Galega de Innovación utilizará os medios que considere oportunos para a súa verificación e requirirá o ITG se fose necesario, os documentos oportunos. A dita declaración responsable referirse ao feito de non estar en crise a 31/12/2019
- f) Declaración responsable de non estar suxeito a unha orde de recuperación pendente tras una decisión previa da Comisión Europea que declarara unha axuda ilegal ou incompatible co mercado común.
- g) Declaración responsable da consideración de «PEME» do beneficiario, tal como se define na Recomendación 2003/361/CE da Comisión. Non obstante, a Axencia Galega de Innovación utilizará os medios que considere oportunos para a súa verificación e requirirá o ITG, se fose necesario, os documentos oportunos.



h) Declaración responsable pola que se asume a obriga de aplicar medidas antifraude e de comunicar os casos susceptibles de ser sospeitosos de fraude.

2. Desenvolver as actividades do convenio seguindo as liñas de actuación establecidas nos **Anexos I e II.**

- a) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou calquera outra instancia autonómica, estatal ou comunitaria de control, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitar a inspección e control dos órganos da Axencia Galega de Innovación co gallo de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
- b) Comunicar a Axencia Galega de Innovación a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que as do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento das mesmas.
- c) Subministrar toda a información necesaria para que a Axencia Galega de Innovación poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
- d) Dar consentimento expreso á Axencia Galega de Innovación para o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- e) Dar consentimento expreso á Axencia Galega de Innovación para incluír e facer público, a través do Portal de transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.
- f) Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- g) Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.



- h) Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Axencia Galega de Innovación.
- i) Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devindicados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- j) A sinatura deste convenio comportará a autorización á Axencia Galega de Innovación para consultar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Non obstante, o ITG poderá opoñerse a súa consulta polo órgano xestor, e nese caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.
- k) Realizar un evento ao final da execución no que se dea difusión ás infraestruturas, así como ao carácter aberto das mesmas tal e como require o artigo 26 do Regulamento (UE) nº 651/2014 para o cal se elaborará o correspondente protocolo de acceso.
- l) Dar publicidade ao financiamento da Axencia Galega de Innovación mediante a instalación de carteis en lugares visibles para o público, como por exemplo na entrada do edificio.

#### **SIXTA.- Réxime de pagamentos e prazo de realización de gastos / pagamentos e de xustificación da axuda**

##### **Réxime de pagamentos**

De acordo co estipulado nos artigos 60, 62 e 63 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe da subvención da Axencia Galega de Innovación estipulada neste convenio será aboada ao ITG, conforme ao sinalado a continuación:

- Poderanse realizar pagamentos á conta e pagamentos anticipados, a suma de ambos os dous tipos de pagamentos poderá superar o 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas. De conformidade co establecido no artigo 62.4 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de



subvencións de Galicia, a superación do dito límite está autorizada polo Consello da Xunta de Galicia.

- Poderanse realizar pagamentos a conta que poderán supor a realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas. Os ditos pagos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada. De conformidade co establecido no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a exención de garantías para os pagamentos a conta está autorizada polo Consello da Xunta de Galicia.
- Poderanse realizar pagamentos anticipados polas porcentaxes que se indican no parágrafo seguinte. De conformidade co establecido no artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a superación do límite previsto no artigo 63.1.dous está autorizada polo Consello da Xunta de Galicia. Así mesmo a exención de garantías está autorizada polo Consello da Xunta de Galicia de conformidade co disposto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os pagamentos anticipados poderán acadar ata un máximo do 100% para a anualidade 2021 e ata un máximo dun 50% en cada unha das anualidades 2022 e 2023.

Para a realización dos pagamentos anticipados o ITG deberá presentar a seguinte documentación:

- Unha solicitude motivada do pagamento anticipado (segundo o modelo que se facilita como **Anexo IV**).
- Unha declaración do conxunto das axudas solicitadas e concedidas para o mesmo fin de todas as administracións públicas.

A concesión dos pagamentos anticipados realizaranse mediante resolucións motivadas, de acordo co disposto no artigo 63.1 Dous do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos á conta para cada unha das anualidades de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007 e no artigo 62 do Decreto 11/2009

Os pagamentos á conta faranse efectivos unha vez presentada e comprobada a correcta xustificación da execución das actividades desenvolvidas conforme ao artigo 30 da Lei de subvencións de Galicia.



Para a xustificación de cada pagamento a conta, o ITG achegará a documentación que se indica nas **cláusulas sétima e oitava**. A documentación presentárase electronicamente. O beneficiario responsabilízase da veracidade dos documentos que presentan. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada. Nos casos de imposibilidade funcional e/ou tecnolóxica que impidan a presentación electrónica da documentación, esta poderá presentarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Antes de proceder ao pagamento final da subvención, a Axencia Galega de Innovación comprobará, de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 9/2007, a axeitada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade para a que foi concedida, sendo obrigatoria a realización dunha actividade de inspección por parte da Axencia Galega de Innovación emitindo un informe no que se indique o grao de cumprimento e se ten sido:

- a) Excelente
- b) Positivo e
- c) Negativo: se non se realizaron as tarefas, compromisos, obxectivos ou condicións do proxecto por un baixo desempeño ou deficiente organización. Neste caso, deberá cuantificarse a porcentaxe de incumprimento.

#### **Prazo de realización de gastos e de xustificación da axuda**

Á vista do anterior, os prazos de realización dos gastos e pagamentos, así como os de xustificación da axuda e de solicitude do anticipo, son os que se indican na seguinte táboa:

	2021	2022	2023
Orzamento mínimo total	1.159.700,00€		
Intensidade máxima da axuda	50%		
Axuda máxima da Axencia Galega de Innovación	579.850,00€		
Axuda máxima da Axencia Galega de Innovación por anualidade	197.925,00€	244.425,00€	137.500,00€
Período de realización de gastos e pagos	16/10/2021 - 31/12/2021	01/01/2022 - 31/10/2022	01/11/2022 - 31/10/2023
Data límite de presentación da documentación xustificativa de cada anualidade	31/03/2022	10/11/2022	10/11/2023



De non xustificar o orzamento total, a Axencia Galega de Innovación minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente convenio. Aos efectos dos importes a xustificar o beneficiario terá en conta que a xustificación versará sobre custos reais.

#### **SÉTIMA.- Documentación xustificativa económica**

A xustificación económica realizarase a través de informe dun auditor. Este informe deberá verificar a existencia da documentación que se detalla a continuación e revisando, ademais, o cumprimento dos requisitos que se esixen a cada concepto de gasto.

Para cada unha das xustificacións parciais deberá presentarse a documentación que se sinala a continuación:

- a) Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- b) Certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme o beneficiario está ao día nas súas obrigas tributarias, no caso de que se opoña á súa consulta por parte do órgano xestor.
- c) Un resumo da execución do investimento en que conste o concepto subvencionable, o proveedor, o importe (IVE excluído) e a data de cada un dos xustificantes presentados agrupados por concepto de gastos.
- d) Documentación xustificativa do investimento: documentos acreditativos dos gastos consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007 e no artigo 48 do Decreto 11/2009. As facturas deberán conter suficiente información que permita relacionala co gasto xustificado.

Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas, deberá achegar unha copia en formato pdf. dos documentos orixinais

- e) Documentación xustificativa do pagamento: copia de transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento que deberán ser o emisor da factura e o beneficiario da axuda, respectivamente; o número e o importe total da factura satisfeito.



De non estar acreditado o pago íntegro mediante estes documentos nos prazos previstos na **cláusula Sexta** do presente convenio o gasto non será subvencionable.

No caso de que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. Non se aceptarán aqueles documentos de pagamento que non permitan identificar claramente as facturas vinculadas ao proxecto a que corresponden.

No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, acompañarase dunha relación detallada delas en que se poida apreciar que o pagamento se corresponde coas devanditas facturas.

No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, será necesario presentar o correspondente extracto bancario acompañado da orde de pagamento da entidade coa relación detallada das facturas ou alternativamente un certificado de ter recibido o pagamento das facturas incluídas na conta xustificativa, emitido por parte do subministrador.

En ningún caso se admitirán pagamentos xustificados mediante recibo do provedor nin os pagamentos por caixa ou en efectivo.

Non serán subvencionables partes de gastos que non estean íntegra e correctamente xustificadas de acordo co establecido nos parágrafos anteriores.

- f) Respecto da documentación xustificativa do investimento e do seu pagamento, cando non sexa posible a presentación de copia auténtica electrónica poderá presentar unha copia en formato pdf dos documentos indicados realizada polo beneficiario acompañada dunha declaración responsable da autenticidade deses documentos achegados así como o compromiso de presentar os orixinais cando a Axencia Galega de Innovación llos requira.
- g) No suposto de que o importe do IVE non sexa recuperable, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.
- h) Tres ofertas de diferentes provedores para os casos nos que proceda segundo os termos expostos na cláusula 4ª do convenio.

En todo caso, autorízanse expresamente os incluídos nos **Anexos I e II** do presente convenio.

- i) En caso de subcontratacións, ademais da documentación sinalado no punto h), deberá achegarse:



1. Factura emitida pola entidade subcontratada ao beneficiario na que se especifique claramente o título do proxecto financiado. No caso de que sexan varias as facturas, todas elas deberán especificar o título do proxecto.
  2. Xustificantes de pagamento da factura da subcontratación.
  3. Memoria realizada polo subcontratista das súas actividades no proxecto, na que se debe incluír unha relación das persoas que participaron nas mesmas, unha descrición específica das actividades realizadas por cada unha delas e a porcentaxe de dedicación ao proxecto.
- j) Documentación xustificativa (documentación gráfica, fotografías ou calquera outro soporte probatorio) do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula quinta.
- k) Protocolo de acceso ás infraestruturas ao que se fai referencia na **cláusula quinta** do convenio.

Sen prexuízo da documentación indicada nos puntos anteriores, poderá requirirse que se acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

#### **OITAVA.- Documentación xustificativa técnica**

1. A documentación xustificativa técnica para cada unha das xustificacións parciais constará de:
  - a) Memoria xustificativa da realización das actuacións obxecto do convenio. Entre outros aspectos deberá indicar, como mínimo, a relación de bens coa súa identificación, tipoloxía do gasto e descrición de cada un dos bens.
  - b) Memoria descritiva, en formato libre, da realización e evolución das actividades previstas.
2. Sen prexuízo da documentación anteriormente indicada, poderá requirirse ao ITG que anexe cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

#### **NOVENA.- Seguimento e evolución.**

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste Convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por dous representantes da Axencia Galega de Innovación, un deles actuará como presidente, e dous representantes do ITG designados a tal efecto por cada parte.



Son funcións da Comisión de Seguimento e Coordinación as seguintes:

1. Realizar o seguimento das actuacións do Convenio.
2. Propor solucións aos conflitos que puideran xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
3. Propor á Axencia Galega de Innovación variacións entre os importes asignados aos diferentes conceptos subvencionables e as diferentes actividades recollidas no orzamento do convenio (**Anexo II**), que supoñan minoracións en algún dos conceptos ou en algunha das actividades superiores ao 20%, para adecualos á execución das actuacións previstas e sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista.
4. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

A Comisión reunirse as veces que sexan precisas a solicitude de calquera das partes asinantes. Esta Comisión rexerese en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **DÉCIMA.- Incompatibilidade con outras axudas**

A subvención concedida será incompatible con outras axudas ou subvencións, calquera que sexa a súa natureza e a entidade que as conceda, xa que a intensidade da axuda establecida no convenio é a máxima permitida polo Regulamento (UE) nº 651/2014. Estas axudas si son compatibles coas deducións fiscais de I+D+i que puideran resultar de aplicación.

#### **UNDÉCIMA.- Control**

A Axencia Galega de Innovación poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da subvención.

En todo caso, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como de calquera instancia autonómica, estatal ou comunitaria de control.



#### **DUODÉCIMA.-Alteración das actuacións**

A petición do ITG e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, a Axencia Galega de Innovación poderá autorizar variacións entre os importes asignados aos diferentes conceptos subvencionables e as diferentes actividades recollidas no orzamento do convenio (**Anexo II**), sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista, cos límites e condicións fixados na cláusula terceira.

Toda alteración nas accións a realizar, agás as sinaladas no parágrafo anterior, deberán ser obxecto de autorización pola Axencia Galega de Innovación e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio, consonte ao artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- Inexistencia de relación laboral**

A subscripción do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades a desenvolver no presente convenio e a Axencia Galega de Innovación, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

#### **DÉCIMO CUARTA .- Autonomía do beneficiario**

O ITG manterá a súa autonomía respecto da Administración, o que supón que, a pesar de que a súa actividade favorece o interese xeral, a Administración non percibe a cambio da súa entrega unha vantaxe ou beneficio que afecte de forma directa a aquelas actividades que a Administración debe asumir como propias no exercicio de competencias que as normas lle atribúen. Deste xeito, o ITG será propietario intelectual dos traballos resultantes.

#### **DÉCIMO QUINTA.- Causas de resolución e de reintegro**

Serán causas de resolución do convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:



- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas na cláusula quinta.
- A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigacións contables, rexistras ou de conservación de documentos, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas.
- O incumprimento dos prazos de mantemento da actividade, do emprego ou do investimento.
- A obtención de financiamento de distintas procedencias ou concorrencia de subvencións por riba do custo das actividades subvencionadas.
- O acordo mutuo das partes.
- A non comunicación á Axencia Galega de Innovación da obtención de outras subvencións e axudas que financien as actividades subvencionadas.

#### **DÉCIMO SEXTA.- Gradación dos incumprimentos**

Procederá o reintegro parcial nos seguintes casos:

- 1) No caso do incumprimento da obriga de manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado, en relación coas infraestruturas de investigación nas que se desenvolven actividades económicas e non económicas, o reintegro dun 2% da subvención concedida.
- 2) No caso de condicións que constitúan obrigas que o beneficiario debe acreditar en fase de xustificación (obrigas de publicidade, comunicación de outras axudas, etc), estas deberán xustificarse en todo caso para poder proceder ao pago da subvención, polo que a gradación fixada neste apartado solo resultará aplicable para os supostos de reintegro, no caso no que se detecten en controis posteriores ao pago dalgún incumprimento relativo a esas obrigacións.



#### **DÉCIMO SÉTIMA.- Natureza e resolución de conflitos**

Este convenio ten carácter administrativo, rexerese polas súas propias cláusulas e polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal e demais normas de dereito administrativo.

Así mesmo, a axuda obxecto desta convenio réxese polas normas comunitarias aplicables e polas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición destas. En particular, seralle de aplicación o Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

A Axencia Galega de Innovación ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propia dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa Lei de contratos do sector público. As cuestións litixiosas que podan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contencioso - Administrativo.

#### **DÉCIMO OITAVA.- Protección de datos**

Os datos persoais recadados serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Axencia Galega de Innovación, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión do presente convenio e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento do beneficiario, reflectíndose esta circunstancia no convenio e declaracións presentadas polo dito beneficiario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

O interesado poderá acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou de forma presencial nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento



administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

#### DÉCIMO NOVENA.- Vixencia

O presente convenio de colaboración entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata o 30 de xuño de 2024, sen prexuízo de que as actividades obxecto de mesmo xa se iniciasen o 16 de outubro de 2021 e se teñan rematado o 31 de outubro de 2023



E en proba de conformidade,

Pola Axencia Galega de Innovación  
O Vicepresidente segundo e Conselleiro de Economía,  
Empresa e Innovación da Xunta de Galicia e Presidente da  
Axencia Galega de Innovación



Francisco José Conde López

Polo ITG  
O Director Xeral



Carlos Calvo Orosa



Anexo I – Actuacións que se desenvolverán nos anos 2021, 2022 e 2023 na execución da adquisición de equipamento e desenvolvemento de obra civil para a posta en marcha da infraestrutura de investigación «GALAXY-LAB»

DENOMINACIÓN INFRAESTRUTURAS	TIPOLOXÍA	DESCRICIÓN	NECESIDADE	BASES UNITARIO (€)	UNIDADES	BASES TOTAL (€)
Centro de Coordinación Misións Urbanas (CCMU)	INSTALACIÓNS	Servizos de acondicionamento / reforma de edificio xa existente para disposición de zonas de traballo especializadas.	Espazo de traballo adaptado á actividades relativas ao desenvolvemento de sistemas UAS e operacións con drons que conte con zona de desenvolvemento, laboratorio, zona de mecanizado/taller, zona de montaxe, zona de test e verificación, zona de expedición, <i>showroom</i> e zona de voo <i>indoor</i> . Ademais almacén para albergar equipos e aeronaves.	183.000,00€	1,00	183.000,00€
Centro de Control y Operación Básico MÓBIL (CCOB-M)	EQUIPAMENTO	Vehículo (GCS, estación de control de terra, habilitada con 2 postos de traballo e espazo de carga) adaptado como centro de operacións móbil permitindo a instalación de sistemas de comunicación, vixilancia e control de terra UAS.	Permitir e facilitar actuacións en contornas específicas, para dispor dunha maior flexibilidade e capacidade de adaptación ás diferentes contornas reais e conceptos de operación a validar.	60.000,00€	1,00	60.000,00€



Área de Despegue y Aterraje.	INSTALACIÓNS	Construcción de zona habilitada para o despegue e aterraje de vehículos VTOL e adecuación da zona contigua para conseguir un elevado nivel de seguridade e minimizar o risco de accidentes.	Trátase dun elemento indispensable para poder operar vehículos con maior peso e / ou tamaño.	20.000,00€	2,00	40.000,00€
Gaiola Exteriores	INSTALACIÓNS	Rede de seguridade de 20x20x20 metros (aprox.)	Ao probar tecnoloxías en fase experimental, en etapas temperás previas ás solicitudes de permisos de voo, faise necesario dispor dunha zona concreta de operación para realizar voos nun volume limitado.	25.000,00€	1,00	25.000,00€
Sistema Robotizado para Operación Remota e / ou Autónoma	EQUIPAMENTO	Equipamento para operación remota (mando, control, carga autónoma) dun dron (estación de carga autónoma, carcasa protección, sistemas robóticos, unidade de potencia, unidade de comunicacións, unidade de control)	Facilitar misións BVLOS en calquera das súas fases (despegue, ruta ou aterraje). Conectado ao centro de mando e operación. 4 unidades ubicadas en: CCMU (2) e CCOB-M (1).	20.000,00€	3,00	60.000,00€



<p>Equipamento CNS: comunicacións, navegación e vixilancia.</p>	<p>EQUIPAMENTO</p>	<p>Equipos específicos para contornas aeronáuticas CNS (Comunicación, Navegación e vixilancia), que permitan comunicacións entre o centro de control e aeronaves, control da navegación de aeronaves e control do tráfico aéreo para determinar a posición.</p> <p>Sistemas de comunicación dixital para establecer conexións entre sistemas terra – dron, dron – terra e terra – terra (entre nodos / ATC).</p> <p>Sistemas de comunicación voz con prestacións aeronáuticas para coordinación terra – terra (entre nodos, entre nodos e ATC / aeroporto ou entre nodos e autoridades / forzas seguridade).</p> <p>Sistemas de monitorización y vixilancia baseados en imaxe nas cercanías dos nodos.</p> <p>Sistemas de monitorización y vixilancia basados en posicionamiento ADS-B (emisores / receptores).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Conexión a internet de alta velocidade que permita cubrir las necesidades de ciertos sistemas.</li> <li>- Equipamiento adaptado para nodo móvil.</li> </ul>	<p>Establecer comunicacións seguras, estables e eficientes entre o centro de coordinación de misión urbano, os operadores e os vehículos.</p> <p>Realizar seguimento preciso dos distintos ensaios ou misións experimentais.</p> <p>Coordinar con ATC todas as operacións. Obligatorio debido á cercanía co aeroporto.</p> <p>Coordinar con outros nodos operacións conxuntas.</p> <p>Facer uso das redes de comunicación actuais ou futuras, por exemplo, 5G, e de posicionamento satelital, por exemplo, GNSS.</p> <p>A súa ubicación sería tanto no CCMU, como no CCOB-F.</p>	<p>30.000,00€</p>	<p>2,00</p>	<p>60.000,00€</p>
-------------------------------------------------------------------------	--------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------	-------------	-------------------



<i>Enhanced containment</i>	EQUIPAMENTO	Combinación de sistemas que garantan que a probabilidade de que o UA abandone o espazo aéreo sexa inferior a un $10^{-4}$ por hora de voo.	O paso #9 de SORA exige a aplicación dun "enhanced containment" para evitar que unha perda de control resulte nunha infracción nas áreas adxacentes. Isto é necesario, entre outros motivos, cando o espazo adxacente á operación é ARC-d como é o caso (CTR do aeroporto de A Coruña).			
<i>Enhanced Containment:</i> Sistema de terminación de voo	EQUIPAMENTO	Sistema embarcado que termina o voo do UA de forma segura se este sae do volume especificado: no segmento aire monitorízase que a posición do UAS estea dentro da <i>geo-fence</i> , e se forza que o UAS non abandone o volume asignado mediante comparación coa posición GNSS ( <i>geo-caging</i> ) ou baixo demanda do piloto remoto mediante a interface de terra.	O paso #9 de SORA exige la aplicación de un "enhanced containment" para evitar que una pérdida de control resulte en una infracción en las áreas adyacentes. Esto es necesario, entre otros motivos, cuando el espacio adyacente a la operación es ARC-d como es el caso (CTR del aeropuerto de A Coruña)	6.500,00€	2,00	13.000,00€
<i>Enhanced Containment:</i> Enlace de radio para o sistema de terminación de voo	EQUIPAMENTO	Enlace de radio robusto ante interferencias e ciberataques que permita un control e monitorización continua do sistema de terminación de voo.	El paso #9 de SORA exige la aplicación de un "enhanced containment" para evitar que una pérdida de control resulte en una infracción en las áreas adyacentes. Esto es necesario, entre otros motivos, cuando el espacio adyacente a la operación es ARC-d como es el caso (CTR del aeropuerto de A Coruña)	15.000,00€	2,00	30.000,00€



<u>Enhanced Containment</u> Paracaídas	EQUIPAMENTO	Sistema de limitación de impacto utilizado ao terminar voos de forma segura	El paso #9 de SORA exige la aplicación de un "enhanced containment" para evitar que una pérdida de control resulte en una infracción en las áreas adyacentes. Esto es necesario, entre otros motivos, cuando el espacio adyacente a la operación es ARC-d como es el caso (CTR del aeropuerto de A Coruña)	3.700,00€	1,00	3.700,00€
Licenzas SW de Servizos U-Space	EQUIPAMENTO	Sistema de xestión do espazo aéreo utilizado para o acceso das aeronaves ao volume aéreo onde se realizarán as operacións co el fin de aumentar a seguridade das operacións, facilitar a súa xestión e coordinación co aeroporto de Alvedro, e proporcionar consciencia situacional segundo requiren os TMPR (requisitos de prestacións das mitigacións tácticas) de SORA. Licenzas SW por subscrición de provedores con produtos operativos para o despregue de servizos dixitais e automatizados U-Space na área onde se realicen os ensaios e as experimentacións con voos.	Despregue de servizos U-space na contorna específica das operacións (con datos do terreo, espazo aéreo, obstáculos, etc. da zona de operacións, integración con sistemas de CNS na zona, etc.) para a realización de operacións de forma segura e coordinada.	200.000,00€	2,00	400.000,00€



Estación de Recarga Enerxía	EQUIPAMENTO	Equipamento que permita facilitar a recarga de baterías cerca da pista a vehículos eléctricos.	Posibilidade de traballar con aeronaves de maior tamaño cerca da pista. En particular, plantéase o despregue dunha estación de recarga aliñada coas necesidades enerxéticas de distintos vehículos como por exemplo, taxis aéreos.	40.000,00€	2,00	80.000,00€
Estación Meteo de Prestacións Aeronáuticas	EQUIPAMENTO	Equipamento específico para medir con exactitude as condicións meteorolóxicas da contorna e realizar predicións a curto prazo, cualidades indispensables para poder realizar operacións, con drones de forma segura.	E imprescindible contar con equipos que permitan medir os efectos meteorolóxicos nas áreas próximas ás operacións máis críticas (despregue e aterraxe) e facilitar a toma de decisión sobre se é seguro realizar certas operacións.	12.500,00€	2,00	25.000,00€
EQUIPAMENTO PARA DAR RESPONSA Á EVOLUCIÓN REQUISITOS REGULACIÓN	EQUIPAMENTO / LICENZAS / INSTALACIÓNS	NECESARIO. A definir en función do avance regulatorio e necesidades de experimentación (p.ex. equipamento en terra que facilite a obtención dun "Permit to Fly", UAV's, sensores...)	Dada a natureza do investimento, e considerando o estado da arte regulatoria e normativa, faise necesario contar coa posibilidade de especificar unha parte do equipamento e material no tempo de execución do investimento, considerando ademais do avance técnico, o avance regulatorio / estandarización e inputs de autoridades competentes, especialmente EASA.	180.000,00€	1,00	180.000,00€



## Anexo II – Gastos subvencionables

TIPOLOXÍA DO GASTO (cláusula terceira)	CONCEPTO DE GASTOS	Ano 2021 (importe €)	Ano 2022 (importe €)	Ano 2023 (importe €)	Total (2021-2023)
1	Obra_instalacións	95.000,00€	153.000,00€	0,00€	248.000,00€
2	Equipamento	100.850,00€	235.850,00€	175.000,00€	511.700,00€
3	Licencias	200.000,00€	100.000,00€	100.000,00€	400.000,00€
TOTAL GASTO ELIXIBLE		395.850,00€	488.850,00€	275.000,00€	1.159.700,00€
TOTAL SUBVENCIÓN (máximo do 50%)		197.925,00€	244.425,00€	137.500,00€	579.850,00€



**Anexo III-Declaración de outras axudas concedidas ou solicitadas**

**DATOS DA ENTIDADE BENEFICIARIA**

NOME/RAZÓN SOCIAL	Fund. INSTITUTO TECNOLÓGICO DE GALICIA	NIF	G 15305923
-------------------	----------------------------------------	-----	------------

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
Carlos	Calvo	Orosa	32788537J

TÍTULO DO INVESTIMENTO: Adquisición de equipamento e desenvolvemento de obra civil para a posta en marcha de infraestrutura de investigación Urban Air Mobility

ACRÓNIMO: GALAXY - LAB

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para esta mesma finalidade ou proxecto, nin para as mesmas partidas de gasto, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional para os que se solicita esta subvención.

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para esta mesma finalidade ou proxecto, ou para as mesmas partidas de gasto, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:<sup>1</sup>

DATA SOLICITUDE	DATA CONCESIÓN	ORGANISMOS	PROGRAMA CONVOCATORIA	IMPORTE (€)	TIPO (SUBVENCIÓN, PRÉSTAMO...)	DISPOSICIÓN REGULADORA

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

de de

<sup>1</sup> Non é necesaria a información relativa ás axudas denegadas



**Anexo IV– Solicitud de pagamento anticipado**

**DATOS DA ENTIDADE BENEFICIARIA**

RAZÓN SOCIAL	NIF
FUND. INSTITUTO TECNOLÓGICO DE GALICIA	G15305923

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
Carlos	Calvo	Orosa	32788537J

MANIFESTA en relación ao convenio de colaboración asinado o \_\_ de \_\_\_\_ de 2021 entre a Axencia Galega de Innovación e o Instituto Tecnológico de Galicia (ITG) para A POSTA EN MARCHA DA INFRAESTRUTURA DE INVESTIGACIÓN «GALAXY-LAB»

**SOLICITA** o pagamento anticipado de \_\_\_\_\_€ que equivalen a un \_\_% do importe da subvención establecida no convenio de colaboración.

O motivo da solicitude de anticipo é \_\_\_\_\_

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data  
Santiago de  
Compostela

, do \_\_\_\_\_ de 202\_